

# TARTUFO

F.W. Murnau, 1925


# 1496

ESTREA EN NUMAX: 11.04.2025 | V.O.S.E. | 66 min

Fábula moral dirixida polo gran F. W. Murnau e baseada na comedia de Molière sobre a hipocrísia dun home que se quere apoderar dunha gran fortuna.

«A posta en escena está fermosamente modulada e as actuacións son de primeiro nivel»

Jonathan Rosenbaum, CHICAGO READER



## Rompendo a cuarta parede

Por Rafael Lima

F.W. Murnau sempre mostrou unha fascinación por figuras corruptoras. Desde o demo que seduce un vello coa xuventude eterna en *Fausto* (1926) até a sedutora amante que tenta convencer un home de matar a súa esposa en *Amencer* (1927). Esta fascinación fai do “Tartufo” de Molière un material perfecto para o director.

Escrito por Carl Meyer, esta adaptación ten moitas características afíns ao traballo deste guionista que adoitaba ser crítico coas figuras de autoridade. O texto inclúe boas doses de humor satírico para destacar a absurda fé depositada na personaxe do título polo acaudalado Orgon. É interesante observar como a obra emprega a metalinguaxe para tratar os temas que lle interesa. Ao facer da historia de Tartufo un filme dentro do filme, o guión de Meyer coloca o propio cinema como instrumento para expoñer hipócritas perigosos, algo que fica máis claro coas súas rupturas da cuarta parede.

Porén, os maiores méritos do filme encóntranse na trama principal de Tartufo. Murnau constrúe o seu filme arredor da disputa do protagonista e Elmire polo corazón e a mente de Orgon. O director fai que boa parte do humor satírico proceda do punto de vista da esposa de Orgon, que percibe como o seu marido virou ridiculamente devoto a Tartufo. Murnau tamén achega ao filme un certo erotismo ao planos de punto de vista para expoñer a luxuria do vilán cara á señora Orgon. A presenza desta leve atmosfera sexual na obra é propicia xa que a primeira pelexa entre Elmire e o repelente vilán débese a que a influencia do estafador fixo que Orgon se abstivese de ter vida sexual para non caer no pecado.

A dirección de fotografía de Karl Freund é outro elemento a salientar. Coa xustificación de que Tartufo convence a Orgon de retirar as luces da casa por seren fútiles, Freund consegue traballar cun fermoso contraste de luces e sombras que vai virando cada vez máis acentuado a medida que a influencia do vilán se vai facendo máis forte na casa dos Orgon.

Emil Jannings está perfecto no papel de Tartufo, creando un vilán que provoca rabia e noxo no espectador. A escolla dunha interpretación próxima á pantomima ofrece un carácter satírico ao filme, xa que ver a Tartufo a andar pola casa cun libro pegado aos fuciños mentres espía con ollos maliciosos non deixa dúbida do seu carácter. Lil Dagover, grande estrela do cinema alemán, ofrece forza e determinación a Elmire, que se afasta da visión romántica e pueril habitual nas heroínas virxinais e recatadas deste período. Dagover brilla ao contrastar con Jannings, equilibrando ben o esforzo do personaxe en seducir o Tartufo para deixar á vista as súas intencións.

Aínda que sexa considerada por moitos unha obra menor de Murnau, *Tartufo* posúe grandes cualidades. Aínda que podería terse beneficiado dunha maior sutileza, o filme consegue transmitir unha mensaxe aínda hoxe vixente: ollo coa hipocrisía dos supostos salvadores. Cun elenco principal moi ben afinado, unha fotografía sempre evocadora de Freund e unha excelente narración do director, o filme demostra que unha “obra menor” de Murnau segue a ser unha grande obra.

Publicado en [planocritico.com](http://planocritico.com)



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Tartufo*,  
Molière.  
Cátedra